INFORME COMPLEMENTARIO SOBRE A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

O 29 de novembro de 2024 ten entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) unha solicitude de informe preceptivo deste centro directivo sobre unha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) de persoal da Consellería do Medio Rural, remitido desde o Servizo de Persoal desa consellería.

O expediente recibido componse dos seguintes documentos:

-Memoria funcional

-Memoria económica

-Táboa coa relación de postos a crear

-Táboa coa relación de postos a amortizar

-Táboa de equivalencias

O 23 de decembro a DXSAP emite o seu informe.

O 12 de setembro de 2025 o Servizo de Persoal da Consellería de Medio Rural envía memoria complementaria con cambios con respecto á proposta inicial debido a que se deben excluír dela determinadas propostas de amortizacións e modificacións de postos ofertados no concurso F0324 de administración especial (Resolución do 27 de febreiro de 2024) e no concurso F0424 de administración xeral (Resolución do 13 de maio de 2024).

Ademais co obxectivo de non atrasar a tramitación da modificación da RPT da Consellería do Medio Rural, retíranse determinadas modificacións de postos inicialmente propostas, así como os postos vacantes cuxa amortización se destinaba a cubrir esas modificacións.

O 17 de setembro de 2025 recíbese nesta dirección xeral nova memoria complementaria con novos cambios

A vista do exposto emítese o seguinte:

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: BgXhm1mYUzaO https://sede.xunta.gal/cve

INFORME COMPLEMENTARIO

PUNTO TERCEIRO DO INFORME. Cambios derivados dos decretos de estrutura orgánica

Neste punto, introdúcese a seguinte modificación:

Retírase a modificación proposta consistente na apertura á Administración Xeral do posto co código MR.O13.00.000.15770.009, traspasado desde o FOGGA á Subdirección Xeral de Coordinación da PAC, da Cadea e Calidade Alimentaria, e co novo codigo MR.C07.00.000.15770.009 ao estar o dito posto incluído no Concurso F0324, polo ue se mantén a súa apertura a Administración Especial , biólogo.

PUNTO CUARTO DO INFORME. Outros cambios propostos

1. Creacións

Introdúcese o seguinte cambio na Oficina Rural da Área de Lugo:

Retírase a proposta de creación do novo posto MRC992005127001026 (Unidade de Apoio Administrativo), por estar vinculada á amortización do posto RC991000027001033 que está incluído no Concurso F0424.

2. Amortizacións

Elimínase o parágrafo e), que propoñía amortizar estes 3 postos para cubrir os custos do complemento específico diferencial e do complemento de produtividade incorporados a determinados postos no Servizo de Prevención de Incendios incluídos no apartado 3.a deste informe complementario:

Código de posto	Denominación	Centro directivo
MRC995018136440183	VIXILANTE FIXO/A	COMARCA FORESTAL: VIGO
MRC995006127650181	VIXILANTE FIXO/A	COMARCA FORESTAL: MARIÑA OCCIDENTAL
MRC995003115580180	VIXILANTE FIXO/A	COMARCA FORESTAL: ORDES-SANTIAGO

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: BgXhm1mYUzaO https://sede.xunta.gal/cve

3. Modificacións

Suprímense ás seguintes 12 propostas de cambio:

a) 6 postos de persoal funcionario dos subgrupos A1 e A2 do SFPIF:

As modificacións propostas inicialmente nos postos que se relacionan a continuación para a súa inclusión no Acordo de condicións específicas para o persoal funcionario A1 e A2 do SFPIF, non se poden realizar por estar todos incluídos no Concurso F0324:

Codigo de posto	Denominacion	Centro directivo
MRC991080115001010	XEFATURA ÁREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA - SFPIF
MRC991080127001009	XEFE/A DE AREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DA LUGO- SFPIF
MRC991080132001011	XEFE DE AREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DE OURENSE - SFPIF
MRC991080136001011	XEFE DE AREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA- SFPIF
MRC991080115001015	POSTO BASE A1	DIRECCIÓN TERRITORIAL A CORUÑA
MRC991080127001004	POSTO BASE A1	DIRECCIÓN TERRITORIAL A LUGO

b) 4 postos dos subgrupos A1-A2, escalas EME3/ESES5:

Retírase este punto B.5 da proposta, dado que na modificación prevista —consistente na apertura ao subgrupo A1-A2, escalas EME3/ESES5 de catro postos— tres deles resultan afectados polo concurso F0324:

Código de posto	Denominación	Nivel
MRC991080115001213	TÉCNICO/A DE APOIO AO SPIF	20
MRC991080127001004	TÉCNICO/A DE APOIO AO SPIF	20
MRC991080132001010	TÉCNICO/A DE APOIO AO SPIF	20
MRC991080136001010	TÉCNICO/A DE APOIO AO SPIF	20

c) 1 posto da Dirección Territorial de Lugo, que mantén as súas características actuais:

Coa modificación do posto MR.C99.10.000.27001.244 pretendíase rectificar o grupo de acceso, dado que a súa denominación —POSTO BASE SUBGRUPO A2— non concorda coa escala de acceso asignada, ESE2 (Escala de Enxeñeiros, especialidade Enxeñaría Agrónoma). Porén, a súa inclusión no Concurso F0324 imposibilita a realización da devandita modificación, manténdose o posto coas súas características actuais.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: BgXhm1mYUzaO https://sede.xunta.gal/cve

d) 1 posto na Oficina Rural da Área de Mondoñedo:

Retírase a proposta de modificación do posto MR.C99.20.071.27290.014, que consistía na súa transformación de posto base C1 a xefatura de grupo C1-C2, por estar incluído no Concurso F0424.

Engádense as seguintes modificacións:

a) Os postos de Asesor/a Xurídico:

- ASESOR/A XURÍDICO/A DESENVOLVEMENTO RURAL E MONTES (MRC020000715770001)
- ASESOR/A XURÍDICO/A GAND. AGRIC. E CALID. ALIMENT (MRC020000615770002)

A disposición adicional decimoquinta da Lei 4/2024 do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais da CCAA de Galicia establece que os postos de nivel 30, escala de letrados deben ter un complemento equivalente aos postos de auditor nivel 30 do Consello de Contas. Polo que se solicita que se realicen os cambios nos dous postos existentes na Consellería que se indican:

b) Os seguintes postos :

- VICESECRETARIO/A XERAL (MRC020000115770001)
- SUBDIRECTOR/A XERAL DE XESTIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA (MRC020000215770001)

No referente aos corpos/escalas debe figurar Xeral/Especial.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Data e hora: 17/09/2025 11:07:29

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: BgXhm1mYUza0 https://sede.xunta.gal/cve